



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE RELATIVO Á REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON LABORAIS NOS CENTROS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE NA PROVINCIA DE OURENSE

Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

D. Manuel Juan Tejada Vidal con DNI 76707727J en calidade de presidente da Asociación de persoas con discapacidade de Ourense, en adiante ADO, actuando en nome e representación desta, con CIF G32410797 e domicilio fiscal na Rúa Alexandre Bóveda, número 17 Baixo, 32002 Ourense.



EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que ADO, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2010/014638-1 (OU), conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Así mesmo figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5525, tendo a misión de mellorar a calidade de vida de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da plena inclusión social, familiar, escolar e laboral.

Para desenvolver unha axeitada inclusión das persoas con discapacidade, na entidade lévanse a cabo diferentes talleres, pretendendo avanzar nestes desenvolvementos.



tos, e favorecer a xeneralización da autonomía das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos, preparándoas para levar unha vida máis autónoma e satisfactoria.

Para complementar os esforzos que se levan a cabo dende a Asociación, ADO adhírese como socia na "Federación de Asociacións a favor de Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia" (FADEMGA), ampliando así a súa rede de recursos tanto prácticos coma formativos para acceder o mercado laboral.

ADO basea a súa actuación na democracia interna, a transparencia na súa actuación, a solidariedade entre as persoas membro e o compromiso, con e para, as persoas con discapacidade intelectual, as súas familias e a sociedade en xeral, de acordo aos seguintes principios:

- Respetar ás persoas con discapacidade intelectual.
- Velar pola inclusión e a participación social das persoas con discapacidade intelectual.
- A consideración das persoas con discapacidade intelectual como suxeito pleno con dereitos e deberes.
- A confianza na igualdade de oportunidades.
- A mellora continua e o compromiso a favor das persoas con discapacidade, para atender ás necesidades que se manifesten na entidade e polo colectivo en cuestión.
- A confidencialidade, garantindo así a privacidade que as familias e as persoas usuarias precisan.
- O compromiso co futuro, apostando por unha sociedade que adquira unha visión positiva das persoas con discapacidade.
- Orientación á persoa usuaria, sendo protagonista cada unha dos nosos proxectos e actuacións mediante una participación activa neles.
- Responsabilidade e profesionalidade que nos permite ser eficaces e eficientes no cumprimento e desenvolvemento do noso traballo e actividades.



V. Que ADO e a Consellería de Política Social e Xuventude están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para o apoio ao acceso formativo das persoas mozas con discapacidade, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

VI. Que a Consellería de Política Social e Xuventude está interesada en apoiar e promocionar o proceso formativo das persoas mozas con discapacidade, contando cos medios necesarios para a realización de prácticas formativas non retribuídas sempre que sexa compatible coa finalidade dos seus centros residenciais de maiores, centros sociocomunitarios, residencias xuvenís, escolas infantís e centros de menores.

Polo exposto, as partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (en adiante ADO), para que os usuarios da asociación que acadaron as competencias laborais poidan realizar prácticas formativas non laborais na Residencia de Maiores Nosa Sra. Dos Milagres, Centro Sociocomunitario Ourense- Centro, Centro Sociocomunitario Pontepelamios, Escola Infantil A Farixa, Escola Infantil Antela, Escola Infantil Virxe de Covadonga, Centro de Menores A Carballeira, Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e Espazo Xove de Ourense para o ano 2023.

Segunda. Selección e actividades das persoas usuarias de ADO



1. As prácticas formativas realizaranse nos postos de ordenanza, auxiliar de cociña, camareira/o limpadora/r e apoio ao TEXI.

2. As persoas que realicen as prácticas formativas non laborais serán seleccionadas por ADO entre os seus usuarios con idades comprendidas entre os 16 e 45 anos cunha discapacidade intelectual superior ao 33%, cos límites seguintes:

- Residencia de Maiores Nosa Sra. Dos Milagres: límite de quince persoas, e non poderán participar mais de dúas persoas apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan nas seguintes categorías: servizo de cociña, servizo de comedor, servizo de limpeza e unha persoa de apoio nas tarefas que se desenvolvan no servizo de ordenanza.

- Centro Sociocomunitario Ourense Centro: límite de 5 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan na categoría de ordenanza e nos servizos prestados ás persoas usuarias do cento e unha persoa en tarefas de apoio nas actividades que se desenvolvan no servizo de limpeza.

- Centro Sociocomunitario Pontepelamios: límite de 5 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa de apoio simultaneamente nas tarefas que se desenvolvan na categoría de ordenanza e nos servizos prestados ás persoas usuarias do centro.

- Escola infantil A Farixa: límite de 6 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa de apoio de forma simultánea nas actividades que se desenvolvan na categoría de TEXI (técnico especialista en xardín infantil), nas actividades realizadas na cociña e nas actividades que se desenvolvan no servizo de limpeza.

- Escola infantil Antela: límite de 6 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa simultaneamente nas tarefas de apoio nas actividades que se desenvolvan na categoría de TEXI (técnico especialista en xardín infantil), nas actividades realizadas na cociña e nas actividades que se desenvolvan no servizo de limpeza.

- Escola infantil Virxe de Covadonga: límite de 6 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan na categoría de TEXI (técnico especialista en xardín infantil), nas actividades realizadas na cociña e nas actividades que se desenvolvan no servizo de limpeza.



- Centro de Menores de A Carballeira: límite de 6 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan na categoría de ordenanza, nas actividades realizadas na cociña e nas actividades que se desenvolvan no servizo de limpeza.

- Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas: límite de 8 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan nas categorías de apoio en cociña e tarefas de apoio ao ordenanza.

- Espazo Xove: límite de 4 persoas, e non poderá participar máis dunha persoa apoiando de forma simultánea as tarefas que se desenvolvan na categoría de ordenanza.

3. As prácticas formativas non laborais estarán especialmente adaptadas ás necesidades, intereses e formación das persoas usuarias de ADO e non deberán interferir nas actividades que desenvolve o persoal de cada un dos centros onde estas sexan realizadas durante o ano 2023.

4. En todo momento, as persoas usuarias de ADO que realicen prácticas formativas non laborais estarán baixo a supervisión dun/ha técnico/a de ADO encargado en cada momento de realizar a supervisión da actividade formativa das persoas con discapacidade intelectual, adaptando as tarefas e funcións que o requiran. Semanalmente ADO comunicará, ás persoas que exerzan a dirección dos centros onde se desenvolvan as prácticas, a relación de persoas que realizarán esa supervisión e o sistema de rotación do persoal técnico por cada persoa usuaria.

Terceira. Programa formativo.

1. A dirección de cada centro da Consellería de Política Social e Xuventude onde se desenvolvan as prácticas e ADO concertarán o programa formativo a desenvolver polas persoas usuarias de ADO, que conterá tanto os períodos de tempo como a dedicación horaria que se especifiquen en cada caso. Os períodos formativos para cada persoa serán entre 1 e 3 meses , en días laborais de luns a venres.



2. ADO deberá comunicar coa antelación mínima dunha semana o número de persoas que realizarán as prácticas formativas en cada un dos centros, relación nominal das mesmas e o período de realización das prácticas.

3. Os obxectivos e finalidade deste plan formativo son:

- Formar á persoa con discapacidade en todos os contidos relacionados co ámbito laboral e que lle axuden a ter unha vida máis autónoma.
- Apoiar no posto de traballo ao persoal de cada un dos centros, ata que a persoa en prácticas se atope funcionalmente adaptado ao mesmo.
- Realizar un seguimento da persoa en prácticas durante o proceso de inserción.
- Realizar tarefas de difusión e sensibilización social do proxecto.
- Cualificar profesionalmente ás persoas usuarias de ADO mediante o plan formativo específico da asociación, paralelo á formación práctica.
- Axudar a mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade facilitándolle as formación complementaria para medrar persoal e profesionalmente.
- Dotar ao persoal dos centros das ferramentas necesarias que lles permitan prestar unha colaboración e cooperación plena cos usuarios de ADO.
- Sensibilizar á sociedade da necesidade de facilitar, fomentar e propiciar a inserción laboral e social das persoas con discapacidade.

4. Os períodos de prácticas formativas estarán suxeitos ao funcionamento regular dos centros onde estas teñan lugar.

As persoas usuarias de ADO que realicen as súas prácticas formativas deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno dos centros e non interferir ou alterar o normal desenvolvemento da convivencia neste.

Por parte da Consellería de Política Social e Xuventude, as direccións dos centros realizarán as tarefas de seguimento das prácticas formativas das persoas usuarias de ADO.



5. ADO comunicará ao órgano competente en materia laboral a relación de usuarios que, en cada período de tempo, estean realizando actividades formativas en cada un dos centros.

Cuarta. Póliza de seguro.

En todo caso, ADO subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polas súas persoas usuarias que realicen ás prácticas formativas.

Quinta. Relación contractual.

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Xunta de Galicia e as usuarias e os usuarios seleccionados por ADO.

Sexta. Comisión de seguimento.

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.
2. A comisión estará composta por unha persoa representante de cada unha das entidades asinantes do convenio e serán designadas polas persoas asinantes do convenio, así como as persoas que asumirán a súa suplencia. A referida comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade ou persoa que a substitúa.



A persoa que exerza a secretaría da comisión así como a súa suplente, que será nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, actuará con e sen voto, será unha persoa funcionaria da xefatura territorial da Consellería de Política Social e Xuventude de Ourense.

Sétima. Vixencia do convenio.

A vixencia do presente convenio iniciarase o día seguinte da súa sinatura e rematará o 31 de decembro do 2023.

Oitava. Resolución do convenio.

O presente convenio extinguirase por expiración do tempo convindo e poderá rescindir-se por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio.
- c) Inadecuación das prácticas formativas.
- d) Mutuo acordo, adoptado polas partes.

Novena. Natureza do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, debendo



aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

O contido do presente convenio, queda suxeito ás estipulacións contidas nel, así como ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do mesmo serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento.

Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver nesta comisión, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima. Publicidade

1. ADO consinte en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios o presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscripción do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Un décima. Consentimento para a publicación de datos.



Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos. A fin de darlle a publicidade esixida ao convenio, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito no presente convenio a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou reiterar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar a data sinalados no encabezamento.

A conselleira de Política Social e Xuventude
Fabiola García Martínez

O presidente de ADO
Manuel Juan Tejada Vidal